

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE AGOSTO DE DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Xefa do Servizo de Medio Ambiente, dona Carmen Flores Pardos, en substitución do Secretario Xeral do Pleno e o Interventor Xeral Municipal en funcións, don Xosé Manuel Cao Rei, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme os termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase declarar en situación legal de fóra de ordenación total con base no establecido na Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: o inmovible composto de nave de planta baixa e entresollado e con uso principal industrial (actividade de serradoiro de pedra e mamorería), sito na estrada provincial número 2913, P.K. 4,25, no lugar de Ribadelo.

Acordouse adiar o expediente de declaración en situación legal de fóra de ordenación total con base no establecido na Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de construcións sitas no lugar das Cavadas, na marxe esquerda da estrada de Lugo a Vilamaior de Negral, na parroquia de San Xoán do Alto, para aclarar a discrepancia existente cos números de polígono.

2. XESTIÓN.- Acordouse darlle traslado ao Ministerio Fiscal, por titularidades controvertidas, das actuacións levadas a cabo no "Proxecto de expropiación parcial do solo e das construcións apegadas ao convento das Reverendas Madres Agustinas na praza de Santo Domingo en Lugo, na calella do Hospital e carril do Son e así mesmo, trasladar esta resolución aos demais interesados no expediente.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

Código Seguro de verificación:rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	09/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==	PÁGINA 1/2



rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordouse executar a opción de compra do sistema de xestión de control de presenza.

- Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto pola mercantil adxudicataria do contrato administrativo correspondente á inserción e explotación de publicidade interior e exterior nos autobuses urbanos de Lugo contra o acordo da Xunta de Goberno Local número 22/394, do 29 de maio de 2013.

- Acordouse prorrogar polo prazo dun ano, contado dende o 6 de xullo de 2013, o contrato asinado coa mercantil adxudicataria da contratación de vinte e cinco prazas para a atención de persoas maiores en réxime de atención diúrna.

- Acordouse aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de atención telefónica aos cidadáns 010 no Concello de Lugo así como colaboración para o mantemento de datos actualizados dos servizos municipais na páxina web, aprobando así mesmo o gasto, a súa adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. MERCADOS.- Acordouse adiar o expediente de cesión temporal de postos na Praza de Abastos, pendente de ampliación de informes.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de local social para club hípico en Galegos.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Aprobar as bases xerais polas que se regula a autorización do uso en precario de módulo prefabricado instalado no predio denominado "Agro de Montirón", sito na rúa Virxe da Esperanza, para asociacións sen ánimo de lucro sitas na zona de Montirón e apertura de convocatoria pública.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	09/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==	PÁGINA	2/2


rSZj0A6cRA+Lj126J1MohA==